



Nova Escola Galega

OPINIA

Abril de 2019

NOVA ESCOLA GALEGA ANTE AS ELECCIÓNS XERAIS 2019

REFLEXIÓNS E ACHEGAS SOBRE A POLÍTICA EDUCATIVA

Coa vontade de ofrecémoslles as nosas reflexións e posicións á comunidade educativa e á sociedade en xeral, queremos facerlles chegar este documento tanto á opinión pública como ás diferentes opcións políticas que se postulan para formaren parte do Parlamento Español nas próximas eleccións xerais do 28 de abril de 2019.

Vivimos tempos marcados pola inestabilidade política e a escasa capacidade para a concertación en asuntos de enorme transcendencia social, como é todo o que acontece no ámbito da educación. Vimos dunha lexislatura atípica, baixo a alternancia de partidos no goberno do estado que, en síntese, saldouse no tramo gobernado polo Partido Popular cun novo e fanado proceso para a formulación dun "Pacto Educativo de Estado" entre as organizacións políticas e, durante o goberno socialista, coa publicación da *Lei 4/2019, de 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria*, que viña revertir a vaga de recortes impostos baixo a cobertura do *Real Decreto Lei 14/2012 de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo*. Un tempo político que non acolleu a ansiada derogación da LOMCE.

Certo que a presión da comunidade educativa conseguiu que non fosen de aplicación as medidas máis controvertidas, e que mesmo se impulsase na fase final da lexislatura un anteproxecto de lei para conseguir a súa modificación. Porén, a *necesidade de desenvolver un marco normativo estable e concertado coa propia comunidade educativa* revélase como unha prioridade para a vindeira lexislatura.

Precisamente por coherencia coa necesidade de entrar nunha dinámica social de contar con políticas educativas estables e sostíbeis manifestamos con carácter xeral a nosa coincidencia co *"Documento de Bases para una Nueva Ley de Educación"*, de setembro de 2017, acordado no marco das "Redes por una nueva política educativa" nas que participan, entre outras entidades, a Confederación Estatal de MRP.

Somos conscientes tamén de que a acción de goberno debe contemplar diferentes tempos e priori-

dades, e por iso facemos tres tipos de propostas cun alcance diferente:

☞ *Medidas urxentes*, de aplicación inmediata, destinadas á revertir as condicións de austeridade que lle foron aplicadas ao sistema educativo, de maneira que se garanta o respecto aos parámetros de equidade e calidade do sistema educativo.

☞ *Propostas de política educativa*, encamiñadas á procura dun marco legal alternativo á LOMCE, que responda ás necesidades da comunidade educativa, e que estenda e reforce a rede pública de centros educativos nos distintos niveis do sistema, con particular atención ao medio rural. O texto contempla medidas favorecedoras dun modelo de escola inclusiva, laica, coeducadora, que incentive a participación da comunidade educativa na xestión dos centros educativos e desenvolva un marco curricular e metodolóxico que promova a deliberación sobre os principais problemas sociais que nos afectan como pobo.

☞ *Propostas de garantía constitucional*, orientadas a preservar aspectos fundamentais da educación dos avatares concretos de cada lexislatura: fixación dun mínimo de gasto educativo nos orzamentos xerais do estado con relación ao PIB; respecto das actuais disposicións constitucionais e estatutarias relativas á autonomía política e lingüística en Galicia, co horizonte da reforma constitucional que faga posible o establecemento dun marco político e competencial que responda máis adecuada e democraticamente ás nosas necesidades de desenvolvemento educativo e social, que inclúa as garantías precisas para o desenvolvemento da nosa lingua e cultura galega; e, carácter laico do estado.

Nova Escola Galega agarda que estas propostas poidan ser tomadas en consideración polas organizacións políticas e pola cidadanía, contribuíndo deste xeito ao necesario debate social sobre o modelo de educación que mellor pode responder aos desafíos dun estado democrático, plurinacional e pluricultural.



MEDIDAS URXENTES

- ✓ Derrogación dos artigos da LOMCE que establecen as **dúas vías de 4º da ESO**.
- ✓ Derrogación das disposicións que teñen que ver coa materia de **relixión**.
- ✓ Anulación de todas as medidas de **recortes e restricións económicas** relacionadas coa educación e que atinxen ás reducións do programa de bolsas, aos servizos de transporte e comedor, á conxelación das prazas, á carga docente, aos horarios do profesorado e á redución dos apoios á diversidade educativa, que malia a publicación da Lei 4/2019 de 7 de marzo, aínda non lograron revertirse.

PROPOSTAS DE POLÍTICA EDUCATIVA

- ✓ Para xerar confianza na comunidade educativa e no conxunto da sociedade é indispensable a **derrogación da LOMCE**, acompañada da intención de abordar o deseño dun novo marco legal construído de xeito participado, tendo en conta as demandas dos diferentes sectores da comunidade educativa.
- ✓ Co obxectivo de garantir o **dereito á educación**, a **igualdade de oportunidades** e a corresponsabilidade do sistema educativo cos retos sociais é necesario:

- Dar pasos firmes na mellora e extensión da **escola pública**, reducindo progresivamente os concertos económicos cos centros privados.
- Estender paulatinamente a **escolarización pública e gratuíta de 0 a 18 anos**, en concordancia coa progresiva redución dos concertos, dado que son estes centros privados os primeiros interesados en propoñeren esa extensión para ampliaren os concertos económicos.
- Reforzar e planificar a **rede escolar no mundo rural**, evitando que sexa unha causa máis do despoboamento e axudando a fixar poboación como unha aposta polo futuro, o desenvolvemento integral e a sustentabilidade dos espazos rurais.
- Recoñecer o **principio de inclusión** como unha característica irrenunciable do sistema educativo e como única forma de garantir o dereito á educación en condicións de equidade, o que require abrir o sistema educativo á **presenza doutros profesionais**. Cómpre poñer en valor a experiencia e o camiño iniciados por diferentes comunidades autónomas que incorporaron **educadoras e educadores sociais** con funcións de apoio na prevención do fracaso escolar, mellora da convivencia e de ponte co contexto institucional dos centros escolares; e valorar tamén a posibilidade de contar con outros profesionais que poidan reforzar o traballo desde os departamentos de orientación.
- Descargar o currículo de contidos academicistas de xeito que se facilite a deliberación de problemas controvertidos e se capacite para comprender a realidade. Recoñecer activamente a **natureza política e ética do currículo** implica darlles prioridade aos problemas sociais, ambientais e politicamente relevantes (crise ecolóxica, explotación e violencia de xénero, guerras, movementos migratorios, dereitos animais...) e conectar o coñecemento escolar co sentido e utilidade social para desenvolver unha cidadanía formada e crítica. Unha escola á altura dos tempos ten que traballar activamente a prol da sostibilidade ecolóxica, da igualdade de xénero, do respecto polas diversas identidades e orientacións sexuais e da convivencia intercultural, revisando aqueles aspectos do currículo que non permitan avanzar nestes ámbitos.
- Reforzar accións e iniciativas de **cambio metodolóxico** nas aulas e nos centros, baseadas na **prevención do fracaso escolar** e na súa corrección, evitando que as distintas modalidades de externalización (deberes, academias, programas de apoio de organizacións do terceiro sector) acentúen a desigualdade.

- Revisar profundamente o deseño e posta en práctica dos chamados **programas bilingües e multilingües**, desde a perspectiva da súa orientación ao conxunto do alumnado e do respecto ao necesario afianzamento da lingua galega, evitando que sexan usados para a selección do alumnado e que limiten o preciso coñecemento científico e a presenza da lingua galega no currículo.

- Promover unha mellor incardinación das **ensinanzas artísticas** no marco do sistema educativo, tanto no plano curricular nas distintas etapas do ensino canto na súa ancoraxe na formación universitaria.

- Situar a importancia dos **materiais curriculares** no desenvolvemento dos procesos de ensino-aprendizaxe, de xeito que se favoreza a autonomía dos centros, con partidas económicas que lles permitan xestionar directamente –co correspondente apoio administrativo– a adquisición e elaboración de materiais curriculares adaptados ao seu proxecto educativo para o conxunto do alumnado.


- Acadar un currículo promotor dun **tratamento das TIC** que potencie o coñecemento aberto e compartido, e que poña en valor os usos sociais das TIC, o importante papel das redes sociais e das comunidades de software libre na promoción da cultura da colaboración e o coñecemento aberto, favorecendo a creación de bancos de recursos didácticos e dixitais, así como apoio para a aplicación de proxectos curriculares e materiais alternativos en diferentes soportes.

- En canto ás **avaliacións externas**, orientalas cara á solicitude de información sobre programas e políticas educativas que acheguen coñecemento público sobre o sistema educativo e a súa mellora. Non se farán avaliacións externas sobre o rendemento do alumnado encamiñadas á estandarización de coñecementos, clasificacións de centros que alenten a competitividade entre eles. Apoia-se a realización de **avaliacións por parte dos centros** encamiñadas á mellora dos seus programas educativos.

- Dotar de cobertura suficiente e con parámetros de calidade contrastada os **servizos complementarios**, como os de comedor, transporte, actividades extraescolares etc. A aspiración á súa gratuidade debe apoiarse na profunda revisión do réxime de fiscalización actual, evitando fórmulas de “copagamento” que non resollen o problema de fondo.

- Cómpre tamén afirmar e facer efectiva a **laicidade do ensino**:

- Denunciando o actual Concordato co Vaticano, a través do que se realiza un indesexa-



AFIRMANDO A ESCOLA PÚBLICA

ble intervencionismo relixioso xeral na política curricular.

- Eliminando a relixión –en canto que educación nunha fe relixiosa– do horario e do currículo, identificado co que significa a educación básica de todos e de todas na sociedade democrática.

✓ Sobre o **profesorado**:

- Revisión organizativa e renovación da **formación inicial** –que combine a formación científica, docente e práctica–, con implicación da Administración e da Universidade.

- Incorporación no momento de acceso á función docente dun **período de prácticas**, con titoría presencial e unha duración mínima dun curso escolar retribuído.

- Redución das interinidades ao mínimo imprescindible para o fomento da **estabilidade dos cadros de persoal** docentes.

- Integración progresiva nun **corpo único de profesorado** e establecemento de criterios racionais e adecuados para a súa toma en consideración no desenvolvemento profesional.

- **Formación permanente** con partes obrigatorias en horario lectivo, orientada a formar e actualizar ao profesorado naquelas cuestións estratéxicas para o sistema educativo, nomeadamente as que se relacionan coa procura da igualdade de oportunidades e a equidade, así como a conexión con retos sociais como a coeducación, a inclusión, a educación emocional, a participación das familias

nos procesos educativos, a mellora da convivencia, a educación ambiental etc.

- Adecuación dos **horarios**, coa inclusión de tempos que garantan e permitan facer efectiva a coordinación e a planificación conxunta de actividades e unha axeitada atención ás familias.

✓ Sobre os **centros** e o seu funcionamento:

- Propiciar a súa **autonomía**, para que poidan desenvolver un papel protagonista na articulación dos tempos e das tarefas escolares, asociado ao imprescindible cambio metodolóxico, na procura dun ensino renovado e atento ás necesidades de formación integral da cidadanía. Asemade debe considerarse a súa autonomía económica para xestionaren, entre outros, os materiais curriculares.

- Potenciar o desenvolvemento de **plans de igualdade** nos centros que cuestionen e superen os estereotipos sexistas e que teñan como obxecto orientar as prácticas do profesorado, a organización dos centros, e a formación e a orientación profesional cara a formulacións coeducativas.

- Elaborar un **currículo ancorado no territorio** que promova actividades vencelladas á contorna próxima e contidos ligados á sostibilidade e a ética ecosocial precisa para construír e adaptar os centros educativos reducindo a pegada ecolóxica.

- Reforzar a **capacidade e xestión democrática** proporcionándolles competencias reais aos consellos escolares e facilidades sociais para a participación das familias nos mesmos.

- **Apertura dos centros** fóra do horario escolar, para propiciar a súa utilización polas familias e pola contorna.

- **Coordinación** entre os diferentes **servizos** que actúan co alumnado e as familias (sociais, culturais, sanitarios etc.), incorporando **novos postos** de traballo –nomeadamente profesionais da educación social–, que poidan facer efectiva esta coordinación e a incardinación cos tempos sociais non escolares e as institucións socioeducativas, garantindo

os tempos persoais, familiares e sociais que a infancia e a mocidade precisa para o seu axeitado desenvolvemento integral, o seu lecer e descanso.

- Establecemento, reforma ou consolidación de **Consellos escolares** dos diferentes ámbitos territoriais (concellos, comarcas e Galicia), que sexan quen de interrelacionaren centros, experiencias e oportunidades nun proxecto educativo compartido para un determinado territorio.

PROPOSTAS DE GARANTÍA CONSTITUCIONAL

- ✓ Garantía constitucional dun **mínimo de gasto educativo** nos Orzamentos xerais do Estado con relación ao PIB (7%), e en concordancia co que é práctica habitual nas sociedades democráticas avanzadas, o que debe evitar alteracións significativas dos investimentos educativos dependendo do signo e das circunstancias políticas de cada momento.

- ✓ Establecemento dun **marco de competencias** claro e estable, e dunhas regras de xogo respectuosas que posibiliten que a actuación de cada administración no eido educativo sexa a que lle corresponde, na procura das necesarias sinerxías.

- ✓ **Inclusión decidida das linguas** distintas do castelán no sistema educativo, así como das culturas dos diferentes pobos, e establecemento de medidas de normalización e potenciación.

- ✓ **Respecto** das actuais disposicións constitucionais e estatutarias relativas á **autonomía política e lingüística** en Galicia, co horizonte da reforma constitucional que faga posible o establecemento dun marco político e competencial que responda máis adecuada e democraticamente ás nosas necesidades de desenvolvemento educativo e social, e que inclúa as garantías precisas para o desenvolvemento da nosa lingua e cultura galega.

- ✓ **Definición** do Estado como **laico**.

Secretariado Nacional de Nova Escola Galega
Galicia, abril de 2019.

